	SLEB 3.7	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSC ▪ CAA 	Entende información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.	100%	2%		30%	70%	x	x	x	x		x	
B. 4	SLEB 4.1	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSC 	Escrebe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de xeito lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.	80%	8%	30%	70%		x	x	x	x	x	x	
	SLEB 4.2	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA 	Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa.	100%	8%	20%	60%	20%	x	x	x	x	x	x	
	SLEB 4.3	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA 	Escrebe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén nas redes sociais.	100%	8%	10%	60%	30%	x	x	x	x	x	x	
	SLEB 4.4	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CD ▪ CSC 	Escrebe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.	80%	8%		90%	10%	x	x	x	x	x	x	
	SLEB 4.5	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCSC 	Escrebe, nun formato convencional, informes expositivos breves e sinxelos, atendendo á súa estrutura básica e particularidades sintáctico-discursivas elementais, nos que dá información esencial sobre un tema educativo, ocupacional ou menos habitual, describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os	80%	5%	10%	80%	10%	x	x	x	x	x	x	

[Escribir texto]

			▪ CD	motivos de certas accións.													
B 5	SLEB 5.1	▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC	Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	100%	3%	20%	50%	30%			x				x	x	
	SLEB 5.2	▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CAA	Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, adecuando a súa produción ás convencións sociolingüísticas da lingua meta.	90%	5%	20%	40%	40%			x				x	x	x
	SLEB 5.3	▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CAA	Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas	90%	2%			100%	x	x					x	x	
	SLEB 5.4	▪ CCL ▪ CCSC ▪ CCEC	Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	100%	5%		50%	50%	x	x	x	x	x	x	x	x	
	SLEB 5.5	▪ CCL ▪ CCSC ▪ CAA	Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, organizar unha tarefa, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar, suficientes para comunicar con eficacia.	100%	3%			100%	x	x					x	x	

		3ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro (1)													
DOSSIER	Identif. contidos	Ident. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo cons ec.	Peso Cualific.	Proba escrita / oral	Traballo aula/casa	Observación directa na aula	C L	E O E	C A	T I C	E M P	E C	P V	
3		SLEB 1.1.	▪ CCL ▪ CAA	Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándose ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e inferindo o que non se comprende e o	100%	1%		50%	50%	x	x					x	

[Escribir texto]

		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC 	que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.														
B. 1	SLEB 1.2	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD 	Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.	100 %	1%	50 %	20 %	30 %	x	x	x	x				x	
	SLEB 1.3	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC 	Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.	100 %	1%		50 %	50 %	x	x						x	
	SLEB 1.4	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC 	Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes e centros docentes), ou menos habituais pero referidas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns se pode pedir confirmación dalgúns detalles.	100 %	1%		50 %	50 %	x	x	x	x				x	
	SLEB 1.5	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC 	Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa, explicacións ou xustificacións básicas de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiás ou menos habituais, articulados de maneira clara, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas como a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade, se a persoa interlocutora está disposta repetir ou reformular o dito.	100 %	1%		50 %	50 %	x	x						x	
	SLEB 1.6	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCE ▪ CD 	Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, e os aspectos máis significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturadas e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión.	100 %	2%	30 %	40 %	30 %	x	x	x	x				x	
B. 2	SLEB 2.1	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC 	Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender.	100 %	2%		80 %	20 %	x	x	x	x	x	x		x	
	SLEB 2.2	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCE ▪ CD 	Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.	100 %	2%		80 %	20 %		x	x	x	x		x		
	SLEB 2.3	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCE ▪ CD 	Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiás ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.	100 %	2%		70 %	30 %		x	x	x	x		x		

[Escribir texto]

	SLEB 2.4	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC 	Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadia noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.	100 %	2%		80 %	20 %		x	x	x	x	x		
	SLEB 2.5	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCE ▪ CD 	Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans	100 %	3%		70 %	30 %		x			x	x	x	
B 3	SLEB 3.1	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC 	Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; reconece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida reler as seccións difíciles.	100 %	4%	70 %	20 %	10 %		x	x	x	x		x	
	SLEB 3.2	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCE ▪ CD 	Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (organización de grupos de traballo, información sobre actividades de formación específicas, etc.).	100 %	2%	70 %	20 %	10 %		x	x	x	x		x	
	SLEB 3.3	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD 	Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural).	100 %	4%	10 %	70 %	20 %		x	x	x	x		x	
	SLEB 3.4	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CSC 	Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as súas relacións, e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.	100 %	2%		50 %	50 %		x	x	x	x		x	
	SLEB 3.5	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA 	Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos; nas que se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	100 %	1%	30 %	60 %	10 %		x	x	x	x		x	
	SLEB 3.6	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CD 	Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadia de estudos no estranxeiro).	100 %	3%	10 %	60 %	30 %		x	x	x	x		x	
	SLEB 3.7	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSC ▪ CAA 	Entende información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.	100 %	3%	20 %	70 %	10 %		x	x	x	x		x	
	SLEB 4.1	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD 	Escrebe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de xeito lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando	100 %	10 %	50 %	50 %			x	x	x	x	x	x	

[Escribir texto]

B.4		▪ CSC	brevemente as súas opinións sobre eles.														
	SLEB 4.2	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA	Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa.	100 %	10 %		90 %	10 %	x	x	x	x	x	x			
	SLEB 4.3	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA	Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén nas redes sociais.	100 %	5 %	10 %	60 %	30 %	x	x	x	x	x	x			
	SLEB 4.4	▪ CCL ▪ CCEC ▪ CD ▪ CSC	Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.	100 %	10 %	20 %	80 %		x	x	x	x	x	x			
	SLEB 4.5	▪ CCL ▪ CCSC ▪ CD	Escribe, nun formato convencional, informes expositivos breves e sinxelos, atendendo á súa estrutura básica e particularidades sintáctico-discursivas elementais, nos que dá información esencial sobre un tema educativo, ocupacional ou menos habitual, describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.	100 %	10 %	10 %	80 %	10 %	x	x	x	x	x	x			
B.5	SLEB 5.1	▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC	Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	100 %	3 %	30 %	50 %	20 %		x				x	x		
	SLEB 5.2	▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CAA	Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, adecuando a súa produción ás convencións sociolingüísticas da lingua meta.	100 %	5 %	20 %	50 %	30 %		x				x	x	x	
	SLEB 5.3	▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CAA	Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas	90 %	2 %			100 %	x	x				x	x		
	SLEB 5.4	▪ CCL ▪ CCSC ▪ CCEC	Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	100 %	5 %		50 %	50 %	x	x	x	x	x	x			
	SLEB 5.5	▪ CCL ▪ CCS ▪ CAA	Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, organizar unha tarefa, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar, suficientes para comunicar con eficacia.	100 %	3 %			100 %	x	x				x	x		

[Escribir texto]

4.- Metodoloxía didáctica

1.2.- Estratexias metodolóxicas

1. Aspectos xerais

- Partir da competencia inicial do alumnado
- Ter en conta a diversidade: respectar os estilos de aprendizaxe e capacidades e as dificultades
- Potenciar as metodoloxías activas: traballos en grupo, participación na aula e proxectos, sempre que a situación sanitaria o permita.
- Enfoque orientado ao uso práctico do idioma
- Uso habitual das TIC
- Papel facilitador do profesor/a

2. Estratexias metodolóxicas

- Audición e lectura comprensivas
- Extracción do tema fundamental e das ideas secundarias
- Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, e-mails,...
- Elaboración de resumos, redaccións, textos orais e escritos
- Análise de aspectos morfosintácticos e gramaticais
- Resolución de exercicios
- Elaboración de esquemas

3. Secuenciación habitual de traballo na aula

Motivación:

- Presentación dun texto (escrito, oral, con ou sen axuda visual) e busca de indicios sobre o tema.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado
- Información complementaria para reforzo e apoio
- Información complementaria para afondamento e ampliación

Traballo persoal

- Lectura e comprensión de textos
- Resolución de dúbidas, exercicios e achegamentos da profesora
- Resposta a preguntas
- Memorización comprensiva

Avaliación:

- Probas escritas
- Probas orais (a resolución de exercicios na aula pode ser unha mostra oral)
- Traballos individuais e en grupo, se é que a situación sanitaria o permite.
- Observación directa do traballo na aula
- Observación do traballo na casa
- Análise de producións individuais

2.- Outras decisións metodolóxicas

1.- Agrupamentos

- Non

2. Tempos

- En principio respectaranse os tempos indicados nas táboas de contidos, en caso de precisar afondar nalgún concepto, adicaráselle menos a outro.

3. Espazos

- Dado que hai unha aula de idiomas, nestes últimos anos impartíronse nesa aula todas as clases posibles sobre todo bacharelato e segundo ciclo de ESO mentres que as de primeiro ciclo se impartían algunhas na aula de referencia. Este curso, a prioridade da distribución de espazos non seguirá criterios pedagóxicos, senón sanitarios.

4. Materiais

- Libro dixital no primeiro ciclo da ESO (Edixgal), libro de texto no segundo ciclo (Parachute 3 e 4).
- Materiais elaborados polas profesoras.
- Páxinas Web de exercicios (moitos interactivos)
- Outros libros de consulta e exercicios
- Dicionarios (en papel e dixitais)
- Textos de prensa, correos, ... en papel e dixitais

5. Recursos didácticos

- As clases serán dinámicas e participativas, buscarase sempre a participación do alumnado, a profesora intervirá para sintetizar, concretar e chegar a conclusións, retomar, explicar e esquematizar os aspectos a estudar.

6. Tratamento integrado das linguas

- O decreto 86/2015, polo que se establece o currículo na comunidade autónoma de Galicia para a ESO e o Bacharelato, recolle no seu preámbulo unha referencia clara a interacción que existe no ensino e aprendizaxe das distintas linguas, indicando que “o desenvolvemento dos currículos das distintas linguas incorpora unha referencia expresa ao plurilingüismo, na medida en que a competencia en cada lingua interactúa e se enriquece co coñecemento das outras linguas, e contribúe a desenvolver destrezas e capacidades que son a base da competencia en comunicación lingüística. Isto, e a alusión igualmente explícita a actitudes interculturais de respecto a diferentes xeitos de expresarse e actuar, promove o desenvolvemento simultáneo do plurilingüismo e da interculturalidade.”
- Todo isto da pé a unha recomendación metodolóxica, indicando que “, tanto na educación secundaria obrigatoria como no bacharelato é especialmente salientable que a aprendizaxe das distintas linguas establecidas no currículo destas etapas se trate de xeito integrado, e dea continuidade ao proceso de fomento do interese por outras linguas e culturas distintas da propia e promovan o respecto cara ás persoas falantes desas linguas.”
- Unha recomendación metodolóxica, o tratamento integrado das linguas, e unha orientación transversal e competencial: o interese por outras linguas e culturas e o respecto polas súas xentes.

5.- Avaliación

Inicial, continua, final, extraordinaria. Pendentes

5.1.-Procedementos de avaliación inicial

En que data se realizará?

- Ao longo do mes de outubro

En que consistirá?

- Proba escrita
- Preguntas/respostas orais

Como se informará á familia?

- As familias serán informadas dos resultados sempre que se considere oportuno, especialmente naqueles casos nos que se considere conveniente a realización de apoios.

Cales serán as consecuencias dos resultados?

- Os resultados revelarán o/s nivel/eis do alumnado e en base a este configurarase a idea do curso e os apoios ou reforzos a levar a cabo

5.2.- Procedemento de avaliación continua

Temporalización

- Haberá varias probas escritas por avaliación (de contidos morfosintácticos e outros aspectos da lingua, de expresión escrita e de verbos).
- Unha ou varias probas orais que poderán ser una exposición, presentación, xogo de rol...
- Así mesmo haberá probas de comprensión escrita e oral.
- En todas as probas serán incluídos contidos xa avaliados en probas anteriores.

Cualificación

- As probas cualifícanse coa nota exacta que resulte de sumar o valor das respostas dos alumnos. Dito valor aparecerá ao lado da pregunta correspondente na propia proba escrita. As probas de contidos conceptuais e procedimentais valerá o dobre do valor da proba de verbos
- A observación directa na aula cualifícase mediante positivos ou negativos recollidos no caderno do profesor. Cada positivo suma 0'25. Cada negativo resta 0'25. As anotacións periódicas sobre a integración no grupo e a actitude, diálogos coa profesora, participación con preguntas e opinións, atención, ritmo de traballo, resolución oral das actividades e preguntas, saídas ó encerado, etc. As técnicas de observación poden ser adecuadas para a avaliación das actitudes (cooperación, respecto, tolerancia...), dos hábitos dos/as alumnos/as, tanto en relación co traballo escolar, o seu interese, curiosidade, como na participación nas tarefas colectivas. Tamén se pode utilizar a observación para valorar os procedementos relacionados coa organización e planificación do traballo individual e en grupo, tanto na aula como nas saídas, así como para recoller información para a función tutorial.
- O caderno do/a alumno/a tamén será valorado (no primeiro ciclo de ESO); nel anotarás conclusións, actividades e respostas correspondentes ao traballo requirido pola profesora, ademais nel gardará todos os seus traballos despois de seren corrixidos e devoltos pola profesora

Media da avaliación

- A avaliación será continua e efectuarase a través da observación directa e do rexistro do traballo e das actividades do/a alumno/a. Darase especial valoración ao esforzo e ao interese que cada alumno/a amose no proceso de aprendizaxe. As avaliacións serán tres, que coincidirán aproximadamente con cada trimestre e segundo se fixen no centro
- A media de cada avaliación farase mediante o redondeo da nota á alza, (salvo que o número de negativos sexa excesivo) tendo en conta todas as anotacións no caderno da profesora. Para facer a media das probas escritas será necesario acadar un mínimo de 3 en cada unha. E para a avaliación positiva final o resultado oral tamén ha de ser superior a 3 sobre 10.
- A nota resultante dos instrumentos de avaliación da 1ª, 2ª e 3ª avaliacións consistirá no 70% da nota total, 90% en Bac
- O 30% restante será o que se desprende dos traballos e anotacións no caderno da profesora en ESO, en Bac o 10%
- Cando un/ha alumno/a non se presente a un exame terá que presentar un xustificante oficial para que se lle repita dito exame.
- O alumno/a ten a obriga de traer o material adecuado (libro de texto e demais material presentado pola profesora), de non facelo habitualmente será penalizado con negativos (recollidos no caderno da profesora).
- En caso de detectar que un/ha alumno/a está copiando nun exame será amoestado no momento retirándosele o exame que se cualificará con un 0.

Aspectos valorables no traballo de aula

- Traballo diario, atención, esforzo, respecto, compromiso e interese pola materia, o grupo, o material do centro e a profesora.
- Traballos entregados na data sinalada.
- Respostas ás preguntas orais, saídas voluntarias,...
- Traballo en grupo ou individual ben feito, ben presentado

Recuperación dunha proba non superada

- Ao ser avaliación continua a superación da seguinte proba do mesmo tipo supón a recuperación da anterior.

Recuperación dunha avaliación non superada

- Coa superación da seguinte avaliación.

5.3.- Procedemento avaliación final

Ao ser avaliación continua a superación da última avaliación supón a superación do curso

Criterios que segue o centro para a promoción

- Recollido na Programación Xeral Anual

5.4.- Procedemento de avaliación extraordinaria

Tipo de proba que se vai aplicar.

- A proba será escrita e terá carácter práctico, as preguntas serán do mesmo tipo que nas probas escritas realizadas ao longo do curso; unha parte será de verbos como durante o curso; una terceira parte será de comprensión.
- O seu valor será do 100% da nota final.

Cualificación

- Redondeo da nota á alza.

5.5.- Procedemento de recuperación e avaliación de pendentos

Seguimento: traballos, reunións de seguimento, etc.

- A través de traballos (follas de exercicios prácticos) periódicos e avaliados co fin de que o alumnado poida ver os erros que ten e a profesora lle poida aclarar as dúbidas. Eses traballos serán entregados nas datas que indique a profesora .
- A través dunha proba escrita no mes de maio, nas datas que fixe a dirección do centro.
- Se o/a alumno/a segue matriculado/a na materia e supera un 4 en cada avaliación do curso superior, non será preciso facer a proba de maio (excepto que o/a alumno/a así o queira).

Cualificación final. Ponderación, redondeos.

- O 60% dos traballos e o 40% da nota acadada na proba de maio.

Proba extraordinaria que se vai aplicar

- A proba será escrita e de carácter práctico e as preguntas serán do mesmo tipo que nas probas escritas realizadas ao longo do curso non superado; constará das mesmas partes que as devanditas probas.

Cualificación, redondeos, etc.

- O seu valor será do 40% da nota final.
- A parte práctica contará o 80% a parte dos verbos 20%.
- Para facer a media será necesario acadaren cada unha das partes un mínimo de 3 sobre 10.

6.- Outras avaliacións

6.1.- Avaliación do proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
	(Indicadores de logro)			
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				

12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				
---	--	--	--	--

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado?				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade ?				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe?				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc.?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc.?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares?				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

6.2.- Avaliación da programación didáctica

1.- Mecanismo revisión

Con que periodicidade se revisará?

- Para ter un seguimento adecuado da programación, é preciso revisala cada trimestre, pois no caso de non cumprir coa temporalización, sería necesario un reaxuste dos tempos.

Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

- Intentar darlle menos peso horario a actividades que se poderán realizar en cursos posteriores.

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica	Escala			
(Indicadores de logro)	1	2	3	4
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas?				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				

9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.?				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación?				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso?				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

7. Atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade no presente curso

MEDIDAS ORDINARIAS

Organizativas	Curriculares
<p>1. Adequouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo?</p> <p>a) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc.</p> <p>b) Espazos diferenciados?</p> <p>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados?</p> <p>2. Faise algún desdoblamento de grupos?</p> <p>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na</p>	<p>1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?</p> <p>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a?</p> <p>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO?</p>

<p>aula?</p> <p>4. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a?</p> <p>5. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia?</p>	<p>4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)?</p> <p>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia?</p> <p>6. Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?.</p>
--	---

Aparecen recollidas na Programación Xeral Anual

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Organizativas	Curriculares
<p>1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL?</p> <p>2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)?</p> <p>3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. estranxeiro)?</p> <p>4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.?</p>	<p>1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas?</p> <p style="text-align: center;"><i>Para a materia de Francés LE2 non existe ningunha adaptación</i></p> <p>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico?</p> <p>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)?</p> <p>4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización?</p> <p>5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc</p>

8. Plan Anual de Lectura

Na adquisición da competencia lingüística nunha lingua estranxeira, como é o francés no noso caso, a lectura ocupa un lugar importante, tanto se se fai de forma individual e silenciosa como en voz alta diante do grupo. En case tódalas sesións de clase de tódolos cursos, adícase un tempo a esta actividade, que pode corresponder a diversos tipos de tarefas, ademais de asociar a grafía coa pronunciación e de axudar a fixar a ortografía e as estruturas morfosintácticas:

- Lectura de textos de tipoloxía variada (explicativos, descritivos, narrativos, etc.), que case sempre van acompañados de preguntas escritas ou orais, coa finalidade de desenvolver a comprensión lectora.
- Lectura en voz alta de textos varios a fin de adquirir a pronunciación, ritmo e entoación adecuados. Moitas veces estará precedida pola audición dos mesmos textos.
- Dramatización de diálogos sobre temas que resulten do seu interese para traballar a pronunciación, o ritmo e a entoación.

Non está descartado ningún tipo de texto *a priori*. Iranse alternando os temas e as formas, desde as informacións e as instrucións sinxelas, como pode ser o enunciado dunha tarefa, ata textos como os humorísticos, que implican un maior número de competencias.

Tamén propoñemos lecturas voluntarias e ás veces recomendámolas debido ás necesidades de cada un. Na biblioteca do centro e na Aula de Francés, os alumnos dispoñen de libros en edición integral para os máis avanzados e en Francés adaptado por niveis para os demais. Moitos deles inclúen a gravación en CD do texto impreso.

9. Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares, que están recollidas na PXA, probablemente non se leven a cabo este curso.

Segundo a evolución da pandemia, poderá pensarse en organizar algunha sesión de cine ou teatro con aforo moi limitado.

O intercambio entre alumnos de 4º ESO con Francia, concretamente co Lycée Joseph-Saverne, de L'Isle Jourdain, que ven sendo tradicional neste centro dende hai uns anos tampouco poderá realizarse. Sen embargo, estase a estudar a posibilidade dun intercambio virtual entre os alumnos franceses e os do noso centro.

10. Datos departamento

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Francés LE2	1ESO	A	M ^a Rita Álvarez Portela
Francés LE2	1ESO	D	M ^a Rita Álvarez Portela
Francés LE2	1ESO	E	Ana M ^a Boedo Agraso
Francés LE2	2ESO	A	M ^a Rita Álvarez Portela
Francés LE2	2ESO	D	Ana M ^a Boedo Agraso
Francés LE2	2ESO	E	M ^a Rita Álvarez Portela
Francés LE2	3 ESO	A	M ^a Rita Álvarez Portela
Francés LE2	3ESO	B	Ana M ^a Boedo Agraso
Francés LE2	3ESO	C-D	M ^a Rita Álvarez Portela
Francés LE2	3ESO	E	Ana M ^a Boedo Agraso
Francés LE2	4 ESO	A-B-C-E-F	M ^a Rita Álvarez Portela
Francés LE2	1 Bac	A-C-H	Ana M ^a Boedo Agraso
Francés LE2	1 Bac	E-F-I	Ana M ^a Boedo Agraso
Francés LE2	2 Bac	B-C-F-G-H-I	M ^a Teresa Ulloa González

11. Relación coa resolución

Resolución do 27/7/2015 (DOG 29)

Elementos	Aspectos	Páxina
a	Introdución e contextualización	3
b	Contribución ás competencias básicas	10
c	Concreción dos obxectivos para curso	10
d	Concreción para cada estándar	10-
	1º.- Temporalización	10-
	2º.- Grao mínimo de consecución	10-
	3º.- Procedementos e instrumentos av.	10-
e	Concrecións metodolóxicas	120
f	Materiais e recursos didácticos	122
g	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	123
h	Indicadores de logro para avaliar o proc. ensino e p.d.	128
i	Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	127
j	Procedemento acreditación coñecementos previos	123
k	Avaliación inicial e medidas	123
l	Medidas de atención á diversidade	131
m	Concreción de elementos transversais	10-
n	Actividades complementarias e extraescolares	134
ñ	Revisión, avaliación e modificación da programación	129-131

12. Anexo

No que se refire ao grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe, viuse moi alterado o final do curso pasado debido á pandemia. Sen embargo, dadas as características da materia, todos os estándares de aprendizaxe foron abordados durante os dous primeiros trimestres e propuxéronse, durante o terceiro trimestre, actividades que tanto servían para reforzar os contidos xa dados como para amplialos e afondar nos contidos xa asimilados trala corrección pertinente.

Evidentemente, faltou tempo de práctica e de explotación deses contidos no marco da interacción que se dá normalmente na aula para que tódolos alumnos puideran asimilalos e interiorizalos. E tamén houbo alumnos que non se molestaron en facer e entregar tódalas tarefas propostas ou que as copiaron sen aprender delas.

Por iso, como a materia se caracteriza pola súa continuidade, xa que a aprendizaxe dunha lingua implica a reutilización constante das estruturas aprendidas, prevese un tempo no primeiro trimestre deste curso para **comprobar o grao de adquisición das competencias correspondentes ao curso anterior** e, no caso de detectalas, colmar posibles lagoas a medida que puidesen aparecer.

Tamén se prevé, ao retomar os **contidos morfosintácticos que no se puideron avaliar no curso anterior**, aínda que se explicaron e explotaron nas tarefas propostas no último trimestre do curso, incluílos na avaliación dos que correspondan ao presente curso, **dentro do proceso de avaliación continua**.

En relación ás estratexias metodolóxicas, haberá que prescindir de actividades que impliquen contacto físico ou desprazamento de persoas na aula (xogos de rol, traballos en grupo, etc.) e a manipulación de materiais (tarefas con tarxetas, intercambio de obxectos, xogos, etc.)

Tamén deberemos ter en conta as dificultades que poden xurdir debido ao **uso continuo da máscara**: dificultade para percibir os sons, ausencia da axuda que representa a vista do rostro do interlocutor para percibir mellor a palabra a través da visualización da articulación, tempos de ventás abertas con posible interferencia de ruídos procedentes da cidade, etc. Poderanse prever máis vídeos para escoitar como tarefa para a casa.

Outro elemento a ter en conta vai ser a lentitude na entrada e saída da aula, coa desinfección das mans e do espazo de traballo, que pode chegar a restar tempo de clase en cada unha das sesións.

No caso de que a situación sanitaria faga necesario o cambio ao ensino semipresencial ou se se dan confinamentos parciais ou total, as profesoras utilizarán tódolos recursos á súa disposición para proseguir coa actividade lectiva e manter o contacto co alumnado:

- **Clases virtuais** por medio de **Webex**

- **E-Dixgal**
No primeiro ciclo da ESO, poderase traballar a través desta plataforma para remitir encomendas de tarefas, entregalas e devolvelas corrixidas
- **Aula virtual**
Estará dispoñible para tódolos alumnos e para todo tipo de intercambio de documentos, calquera que sexa a etapa educativa.
- **Correo electrónico** para asegurar o contacto permanente co alumnado
- **Comunicacións telefónicas** se fose necesario.

En caso de ensino non presencial, estará moi reforzado o uso das TIC no traballo desta materia pero verase reducido o tempo de presentación, explicación e explotación dos contidos, a interacción entre os membros da clase (dificultada polo uso dos micrófonos) e a observación por parte da profesora do traballo realizado e da maneira de levalo a cabo. Polo tanto, os alumnos deberán desenvolver a súa autonomía e implicarse máis profundamente na realización das tarefas.

A pesar das limitacións que nos puidera impoñer a situación sanitaria, traballaranse igualmente as catro destrezas básicas proponendo o mesmo tipo de tarefas que no ensino presencial. De igual maneira que no terceiro trimestre do curso 2019/2020, os alumnos deberán entregar non só exercicios morfosintácticos destinados a fixar os contidos lingüísticos presentados e explicados, senón tamén **tarefas de comprensión da escrita e de comprensión oral**, e **tarefas de expresión escrita e oral** (por medio de gravacións) nas que se lles invitará a contar as súas vivencias, e a expresar os seus gustos e opinións pero a través das que se solicitará tamén a súa imaxinación facéndolles vivir unhas situacións nas que deban asumir novas identidades, realizar novas actividades e presentar novas perspectivas.